

Circular

Estimados/as Colegas:

O exame da materia de inglés para as dúas convocatorias (Xuño e Setembro) do curso académico 2016 – 2017 mantén idéntico formato, estrutura, e criterios de avaliación que os do pasado curso 2015 – 2016. Isto é:

- O exame terá dúas opcións (A e B) das que o alumno terá que elixir unha.
- Cada opción consta de cinco preguntas cun valor total de 9 puntos.
- O punto restante para acadar a puntuación máxima de 10, obtense ca pregunta seis (listening test), que é única para ambas opcións.

Como xa se fixo no curso 2015-2016, a hora de inicio da proba de “Listening” será ás 19:00, e terá unha duración aproximada de 30 minutos. Ao remate da mesma, os estudantes, se así o desexan, poderán continuar coa parte escrita ata o remate do exame ás 19:45.

No apartado **Estructura da proba** atópase unha descrición detallada de cada unha das preguntas.

Tamén tedes a vosa disposición un modelo de exame (o da convocatoria de xuño de 2016) para que podades ver o formato de cada unha das preguntas, incluída a de listening.

No apartado **Criterios de avaliación** establécense os criterios de corrección que se seguirán á hora de avaliar cada unha das preguntas das que consta a proba.

Esperamos que esta información vos sexa de utilidade.

Recibide un cordial saúdo dos membros do grupo de traballo.